

FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL

UD4

EMERXENCIAS E PRIMEIROS AUXILIOS

INDICE:

1.PLAN DE EMERXENCIAS

2.PRIMEIROS AUXILIOS

1. PLAN DE EMERXENCIAS

No artigo 20 da Lei de Prevención de Riscos Laborais, "o/a empresario/a, tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así como a posible presenza de persoas alleas á mesma, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos/as traballadores/as, designando ó persoal encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobando periodicamente, no seu caso, o seu correcto funcionamento. O citado persoal deberá contar coa formación necesaria, ser suficiente en número e dispoñer do material adecuado, en función das circunstancias antes sinaladas."

En virtude do mesmo, o empresario/a é o responsable de adoptar as medidas necesarias para actuar ante unha emerxencia que se presente.



Neste ámbito debes prestar atención e non confundir documentos: o plan de autoprotección e o plan de emerxencias e evacuación.

Á) PLAN DE AUTOPROTECCIÓN:

É o documento que establece cada empresa para prever e controlar os riscos das persoas e os bens, dando resposta ás posibles situacións de emerxencia e coordinándose con Protección Civil. Este documento debe ser elaborado por un técnico especialista e presentarse para rexistro na administración.

B) PLAN DE EMERXENCIAS:

É o documento que ten como finalidade dispoñer de persoas e medios organizativos para facer fronte ás situacións de emerxencia que se poidan producir, así como dos medios de protección necesarios. Así o plan de emerxencias consta de 3 partes:

- Posibles emerxencias
- Actuacións a levar a cabo
- Equipos de emerxencia que deben intervir

En función da gravidade, as situacións clasifícanse en:

CONATO DE EMERXENCIA É unha emerxencia que pode ser controlada dunha maneira rápida e sinxela polo persoal e os medios de protección da empresa

EMERXENCIA PARCIAL É un accidente que para ser controlado precisa dos medios humanos e os equipos de todo o edificio, pero cuxos efectos se limitan a unha soa área

EMERXENCIA XERAL É unha emerxencia que precisa a actuación de todos os medios e equipos da empresa, e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores. A emerxencia xeral suporá normalmente a evacuación de todas as persoas


2.PRIMEIROS AUXILIOS

Primeiros auxilios son as medidas que se adoptan nun primeiro momento cunha persoa accidentada ou enferma, no mesmo lugar dos feitos e antes de que cheguen os servizos sanitarios, coa finalidade de evitar o agravamento do ferido ou enfermo.

PAUTA XERAL DE ACTUACIÓN: PAS

PAS é un acrónimo que resume as pautas de actuación básica sobre primeiros auxilios:

- 👉 **PROTEXER** a persoa accidentada e a un mesmo. O primeiro será facer seguro o lugar onde sucedeu o accidente, xa que é preferible arredar o perigo nun primeiro momento que mobilizar a persoa accidentada, para evitar o agravamento da situación. Logo analizarase a situación das persoas accidentadas ou enfermas e actuarase en consecuencia; por exemplo, se é unha electrocución, desconectar a corrente ou separar a persoa da zona de tensión protexida para evitar a descarga; se é un incendio, controlar o lume, ventilar, etc.



👉 **AVISAR** os servizos sanitarios. A segunda actuación será avisar. Cando se realice a chamada cumprirá identificarse, informar sobre o lugar exacto e concretar o tipo de accidente, o número de persoas feridas e as circunstancias que puidesen agravar a situación.

👉 **SOCORRER** as persoas accidentadas ou enfermas. Por último, entanto que se espera a chegada do persoal sanitario, comezase a socorrer aplicando os coñecementos de primeiros auxilios. É moi importante establecer prioridades, de modo que o primeiro será salvar vidas e logo que non se agraven as lesións. As actuacións deberán ser por esta orde:

– Prioridade inmediata: problemas respiratorios, paradas cardíacas, hemorragias graves, inconsciencia, shock, tórax aberto ou feridas abdominais, queimaduras do aparello respiratorio ou persoas con máis dunha fractura importante.

– Prioridade secundaria: queimaduras graves, lesións de columna vertebral, hemorragias moderadas, persoas conscientes con lesións en cabeza.



– Prioridade terciaria: fracturas leves, contusións e queimaduras leves.

– Derradeira prioridade: falecementos.

CAIXA DE URXENCIAS

O anexo VI do Real decreto 486/97, do 14 de abril, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, especifica que todos os lugares de traballo deberán dispor, como mínimo, dunha caixa de urxencias que conteña:

- ♣ Desinfectantes e antisépticos.
- ♣ Gasas estériles.
- ♣ Algodón hidrófilo.
- ♣ Vendas.
- ♣ Esparadrapo.
- ♣ Apósitos adhesivos.
- ♣ Tesoiras.



♣ Pinzas.

♣ Luvas Dun só uso.

O material debe revisarse periodicamente e reporse en canto caduque ou sexa utilizado.

AVALIACIÓN DA PERSOA ACCIDENTADA

Nun primeiro momento cómpre realizar unha primeira avaliación da persoa accidentada para poder aplicar os primeiros auxilios encamiñados a non empeorar o seu estado antes de que cheguen os servizos sanitarios. Será necesario, daquela, avaliar os seguintes estados:



Está consciente?
Preguntarémolle como se atopa, se sabe o que sucedeu. Se non nos responde nin se move, probablemente estará Inconsciente.

Respira?
Intentaremos sentir, ver e oír a súa respiración, acercando a nosa meixela a súa boca e nariz e observaremos se o seu tórax realiza movementos ascendentes e descendentes.

Ten pulso?
O máis eficaz é escoitar o latexo do seu corazón, colocando o noso oído no seu tórax.

Logo de coñecermos se está consciente, se respira ou se ten pulso, poderemos decidir como actuar seguindo o seguinte esquema:

